

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

Modificación das bases do proceso selectivo para elaborar listas de persoal temporal para postos de auxiliar educador

ANUNCIO

MODIFICACIÓN DAS BASES PARA ELABORAR LISTAS DE PERSOAL TEMPORAL PARA POSTOS DE AUXILIAR EDUCADOR (C2) DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL PARA POSIBLES NOMEAMENTOS E/OU CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 14 de decembro do 2018 aprobouse unha modificación das Bases para elaborar listas de persoal temporal para postos de auxiliar educador (C2) de administración especial que tiñan sido aprobadas con data do 6 de xullo do 2018 e publicadas no BOP do 13 de xullo do 2018.

A dita modificación refírese á Base Terceira do texto aprobado, relativa á composición do tribunal, no sentido de permitir designar funcionarios doutras administracións, ante a imposibilidade de contar con suficientes funcionarios de carreira desta Deputación especialistas nas materias propias que constitúen as funcións que se asignan aos postos convocados.

O texto da Base terceira queda polo tanto modificado no seguinte sentido:

Onde di:

“**Terceira.** Os tribunais constarán dun presidente/a, tres vogais funcionarios da Deputación e un secretario/a, que haberán de cumprir os requisitos sinalados no art.60, do Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa aplicable. (...)”

Debe dicir:

“**Terceira.** Os tribunais constarán dun presidente/a, tres vogais e un secretario/a, que haberán de cumprir os requisitos sinalados no art.60, do Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa aplicable. (...)”

A Coruña, 17 de decembro de 2018

O Presidente

PDFR 21179/2015 do 01/10/2015

O Deputado

Antonio Leira Piñeiro

O Secretario,

José Luis Almu Supervía

2018/9452